



**RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA O PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E O PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA EXECUCIÓN, PUBLICACIÓN E MANTEMENTO DUNHA APLICACIÓN MÓBIL E UNHA AXENDA WEB PARA CONSULTAR AS ACTUACIONES QUE FORMAN PARTE DA REDE CULTURAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.**

**Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña:

**RESOLVO:**

1. Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado polo Servizo de Patrimonio e Contratación, en data 26 de febreiro de 2024, e o Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Servizo de Informática e Administración Electrónica, en data 27 de novembro de 2023, para a contratación dos EXECUCIÓN, PUBLICACIÓN E MANTEMENTO DUNHA APLICACIÓN MÓBIL E UNHA AXENDA WEB PARA CONSULTAR AS ACTUACIONES QUE FORMAN PARTE DA REDE CULTURAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, nas seguintes condicións:

1.1. Información do contrato:

Tipo de contrato: Servizos.

Procedemento: Aberto con multiplicidade de criterios.

1.2. Prazo de vixencia: Dous anos dende o día seguinte a data de formalización do contrato en documento administrativo prorrogable ate un máximo de dous anos máis.

1.3. Orzamento:

Concepto	Presupuesto sin IVA	Impuesto sobre el Valor Añadido (IVA) al 21%:	Presupuesto total
Primera anualidad (desarrollo e implantación de agenda web y aplicación móvil más mantenimiento y soporte hasta el final del primer año)	28.937,50	6.076,88	35.014,38
Segunda anualidad (mantenimiento y soporte 12 meses)	4.340,63	911,53	5.252,16
<b>Total</b>	<b>33.278,13</b>	<b>6.988,41</b>	<b>40.266,54</b>

1.4. Valor estimado: 41.959,39 €.

1.5. Financiamento: O contrato poderá financiarse con cargo as aplicacións orzamentarias, Fase I 0740/49121/64100 documento contable RC e número de operación RC 220240004034 e Fase II 0730/49121/22799 documento contable RCP e número de operación RCP 220249000039, do seguinte modo:



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA  
SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

PCO.001.2023.00264

Anualidad	fase	importe
2024	FASE 1	35.014,38€
2025	FASE 2 (3 trimestre)	3.939,12€
2026	FASE 2 ( 1trimestres)	1.313,04€

Así mesmo, queda condicionada ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio, de acordo coa normativa vixente no momento. O contrato quedará suxeito á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigacións derivadas do contrato para as sucesivas anualidades.

2º.- Dispoñer que o referido contrato se adxudique mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración.